



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

**Lugar:** Casa do Concello

**Día:** 21 de decembro de 2017

**Hora de comezo:** 14.15 h

**Hora de remate:** 14.40 h

### ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín

Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro

Don Antonio González Barral

### AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior
2. Rexeitamento de reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona María del Carmen XXXXX
3. Inscrición de asociación no rexistro municipal do concello
4. Aboamento recibo importe sobre bens inmobilares parcela de referencia catastral 15012A509000210001EK
5. Aprobación dietas tribunal contratación de dous peóns de obras. Programa APROL
6. Concesión dunha axuda económica á asociación de veciños Areosa
7. Aprobación de prezos actividades Especial Nadal
8. Aprobación entrega do vale de 120 euros como premio da VI ruta das tapas de Boqueixón

- 9. Xustificación final da subvención correspondentes ó programa de integración laboral mediante a execución das obras e servizos mínimos municipais dirixido a concellos de provincia, ano 2017**
- 10. Dar conta do decreto de xustificación final de brigadas, da Consellería do Medio Rural**
- 11. Licenzas urbanísticas**
- 12. Altas no servizo de abastecemento e saneamento**
- 13. Modificación do importe de recibos auga, a nome de don Fernandoxxxxx, coa liquidación correspondente**
- 14. Reintegro a don Danielxxxxx pola diferenza do ingreso efectuado por unha acometida do servizo de abastecemento e auga**
- 15. Aprobación de facturas**
- 16. Rogos e preguntas**

## **DELIBERACIÓN**

### **1. Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria de Xunta de Goberno que tivo lugar o día 7 de decembro do 2017.

### **2. Rexeitamento de reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona María del Carmenxxxxx**

#### **ANTECEDENTES**

Con data 9 de novembro do 2017 co número de rexistro de entrada no concello de Boqueixón, O00006299e1702937268, dona María del Carmenxxxxx presenta solicitude de indemnización por danos ocasionados no muro de peche da finca da súa propiedade.

Xunto coa solicitude adxunta informe técnico de peritación dos danos (doc.2) e copia de división material de finca, doazón, compravenda e constitución de servidume, outorgada por dona Jesusaxxxxx, do ano 1999, número 714 (doc.1).

Sinala dona María del Carmenxxxxx que é propietaria da finca nº 24 de Milleirós – Lestedo.

Que o día 15 de maio do 2017 realizándose, coa pala municipal, traballos na traída de auga que discorre pola estrada situada a carón da súa propiedade, esta golpeou o muro de peche da finca da súa propiedade, ocasionando danos cuxo importe de reparación ascende a 206,01 euros.

Que concorren os requisitos necesarios para a procedencia de responsabilidade patrimonial, debendo o concello indemnizar na contía de 206,01 € más as correspondentes actualizacións do IPC e intereses.

O informe técnico-pericial dos danos que aporta dona M<sup>a</sup> Carmen xxxxx, realizado por peritaciones GALCAS SL, con data 31 de maio de 2017 sinala que:

*“Coméntanme que recentemente o concello de Boqueixón realizou unha obra municipal na traída de auga, que discorre pola estrada situada xunto a finca do asegurado e da que se separa mediante o muro perimetral de pedra no que se atopan os danos descritos. Durante a realización de ditos traballos (o día 15 de maio de 2017 concretamente), realizados pola empresa MERA, ao parecer un palista golpeou o muro, causando os danos existentes. Os asegurados foron ó concello o día 16 de maio de 2017 e falaron con Agapito, concejal de obras de dito concello.*

#### Análise do sinistro

*Tras o estudo dos datos obtidos na visita puidose determinar como causa dos danos por desprendemento no muro perimetral da finca da vivenda os seguintes:*

*Os danos son compatibles co golpe dunha pala. A obra municipal foi executada pola empresa Mera.*

*Dito golpe causou danos no muro perimetral de pedra da finca da vivenda, desprendéndose varias pedras do mesmo*

#### Proposta de solución

*Como solución propóno: a recolocación das pedras desprendidas do muro perimetral da finca da vivenda obxecto deste informe.*

#### Valoración económica:

*A valoración inclúe os traballos de reparación dos danos na vivenda obxecto de informe.*

*A valoración ascende a 206,01 €, para a reparación dos danos.*

*Este presupuesto inclúe materiais, man de obra, beneficio industrial e IVE dos traballos presupostados, non así outros gastos como a elaboración dun proxecto e dirección de obra (no caso de ser estos necesarios) e a obtención das licenzas ou permisos necesarios para a execución destas.”*

## CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

**1.** O artigo 67.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que “Os interesados poderán solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial, cando non haxa prescrito o seu dereito a reclamar. O dereito a reclamar prescribirá ao ano do producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.”

O artigo 67.2 sinala que “Na solicitude que realicen os interesados deberanse especificar as lesións producidas, a presunta relación de causalidade entre estas e o funcionamento do servizo público, a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, si fose posible, e o momento no que a lesión efectivamente se producise, e irá acompañada de cantas alegacións, documentos e información se estimen oportunos e da proposición de proba, concretando os medios de que pretenda valerse o reclamante”

**2.** O informe do capataz de obras do concello e do operario de servizos de data 1 de decembro do 2017, sinala o seguinte:

*“Don José M<sup>a</sup> Souto Temes, co DNI xxxxx, capataz de obras do concello de Boqueixón, e don José Antonio Oliveira Castro, co DNI xxxxx, operario de servizos, do concello de Boqueixón, en relación coa reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx, por danos ocasionados no muro de peche da finca da súa propiedade ao golpear a pala municipal o citado muro o día 15 de maio de 2017, informan o seguinte:*

*1. Que con data 15 de maio do 2017 estívose realizando por parte do concello, en concreto, a través da pala municipal unha prolongación da traída de auga municipal no lugar de Milleirós – Lestedo (Boqueixón).*

*2. A prolongación da traída de auga municipal en Milleirós, foi realizada no lado oposto ao muro perimetral de pedra da finca en donde está a vivenda de dona M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx.*

*3. Mientras se estaba realizando pola pala municipal a obra (15/05/2017), personouse ante o capataz de obras e ante o operario de servizos que manexaba a pala, dona M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx, manifestándolle que unhas tres ou catro pedras de tamaño medio, que estaban no chan e pola parte interna do muro perimetral, desprendéranse do muro por golpear a pala as citadas pedras.*

*Nese intre o citado persoal do concello comproba que efectivamente na parte interna do muro estaban unhas pedras recubertas de musgo e rodeadas de herba, o que facía supoñer que levaban bastante tempo no chan.*

*Dinlle a dona M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx que a pala municipal non golpeou o muro perimetral, producindo danos no mesmo.*

*4. O operario de servizos, que manexaba a pala, sinala que si realmente o muro fose obxecto dun golpe por parte da pala, non produciría a caída dunhas pedras senón de moitas pedras producindo un gran burato, dada a debilidade e á mala calidade do muro en cuestión e á forza de impulso que ten a citada pala.*

*E para que conste os efectos oportunos asinamos o presente.”*

**3.** O informe técnico, da arquitecta de Estudio Técnico Gallego SA, empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do concello de Boqueixón, en relación coa denuncia presentada por dona María del Carmen xxxxx, sinala o seguinte:

*Quen asina, D<sup>a</sup>. María Carmen Novoa Sío, arquitecta de Estudio Técnico Gallego, S.A., empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); en relación coa denuncia presentada por D<sup>a</sup>. María del Carmen xxxxx, emite o seguinte informe con data 14 de decembro do 2017:*

**1. ANTECEDENTES.**

*Con data do 9 de novembro de 2017 (RE nº20179000000006), D<sup>a</sup>. María del Carmen xxxx presentou a seguinte denuncia:*

*DOÑA MARÍA DEL CARMEN xxxx, mayor de edad, con domicilio en Milleiros 24, Lestedo, Boqueixón (La Coruña) y con N.I.F. xxxx, comparezco y, como mejor proceda en derecho, digo:*

**Primero.**- *Que soy propietaria de la finca sita en xxxx, Lestedo, Boqueixón (La Coruña). Se acompaña como documento 1 copia del título de propiedad.*

**Segundo.**- *En fecha 15 de mayo del año en curso, por ese Ayuntamiento se estuvieron realizando trabajos en la traída de agua que discurre por la carretera situada junto a la finca de mi propiedad, para lo cual se empleó una pala.*

*Dicha pala golpeó el muro de cierre de la finca de mi propiedad, ocasionando daños en el mismo. El coste de reparación de los daños ocasionados asciende a un total de 206,01 euros.*

*Se adjunta, como documento 2, informe pericial suscrito por D. Jorge Fernández Iglesias acreditativo de lo expuesto.*

**Tercero.**- *Concurren en este caso todos los requisitos para la procedencia de la responsabilidad patrimonial, debiendo ser indemnizado por ese Ayuntamiento de Boqueixón y su aseguradora -con carácter solidario- en la cantidad de 206,01 euros que se recogen en el informe pericial que se acompaña, más las correspondientes actualizaciones del IPC e intereses.*

*Ninguna duda puede haber de que nos encontramos ante un supuesto de responsabilidad patrimonial de la Administración -en este caso de ese Ayuntamiento de Boqueixón-, regulado la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*

*Por lo expuesto, SOLICITO que se acuerde la responsabilidad de ese Ayuntamiento en los daños ocasionados en mi finca, indemnizándose en la cantidad de 206,01 euros, actualizados con el índice de precios al consumo fijados por el Instituto Nacional de Estadística, más los intereses legales que procedieren.*

*O escrito de denuncia ven acompañado por un informe pericial firmado polo enxeñeiro técnico de minas D. Jorge Fernández Iglesias (COITM Galicia nº244), en representación da empresa Peritaciones Galcas, S. L.*

*A este respecto, con data do 1 de decembro de 2017, foi emitido o seguinte informe:*

*D. José M<sup>a</sup> Souto Temes, con DNI xxxx, capataz de obras do Concello de Boqueixón, e D. José Antonio Oliveira Castro, con DNI xxxx, operario de servizos do Concello de Boqueixón, en relación coa reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por D. M<sup>a</sup> del Carmen xxxx, por danos ocasionados no muro de peche da finca da súa propiedade ao golpear a pala municipal o citado muro o día 15 de maio de 2017, informan o seguinte:*

*1. Que con data 15 de maio de 2017 estívose realizando por parte do concello, en concreto, a través da pala municipal unha prolongación da traída de auga municipal no lugar de Milleirós – Lestedo (Boqueixón).*

2. A prolongación da traída de auga municipal en Milleirós, foi realizada no lado aposto ao muro perimetral de pedra da finca en donde está a vivenda de dona M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx.

3. Mientras se estaba realizando pola pala municipal a obra (15/05/2017), personouse ante o capataz de obras e ante o operario de servizos que manexaba a pala, dona M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx, manifestándolle que unhas tres ou catro pedras de tamaño medio, que estaban no chan e pola parte interna do muro perimetral, desprendérانse do muro por golpear a pala as citadas pedras.

Nese intre o citado persoal do concello comproba que efectivamente na parte interna do muro estaban unhas pedras recubertas de musgo e rodeadas de herba, o que facía supoñer que levaban bastante tempo no chan.

Dinlle a dona M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx que a pala municipal non golpeou o muro perimetral, producindo danos no mesmo.

4. O operario de servizos, que manexaba a pala, sinala que si realmente o muro fose obxecto dun golpe por parte da pala, non produciría a caída dunhas pedras senón de moitas pedras producindo un gran burato, dada a debilidade e á mala calidade do muro en cuestión e á forza do impulso que ten a citada pala.

## 2. IDENTIFICACIÓN DA FINCA.

De acordo cos datos existentes no expediente, o muro obxecto do presente informe localízase na finca cos seguintes datos catastrais:

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA	SUPERFICIE
506	209	15012A506002090000WK 001501400NH43G0001XJ	10.707m <sup>2</sup>



Non obstante, nin na denuncia nin no informe pericial se indica a localización exacta do tramo de muro danado.

## 3. VISITA DE COMPROBACIÓN.

Con data do 13 de decembro de 2017, quen asina realizou visita ó lugar de Milleirós, co obxecto de comprobar o estado actual do muro. A estos efectos, achégase a seguinte reportaxe fotográfica:



A continuación indícase a localización dos danos no muro:



*O muro de peche da finca está formado por cachotes soltos, sen ningún tipo de rexuntado. Na súa lonxitude pódense observar diferenzas na súa altura, así como pedras soltas noutras zonas, e vexetación.*



#### **4. CONCLUSIÓN.**

*No informe pericial achegado non se indica ningún tipo de proba que permita asegurar que os danos producidos no muro foron realizados polos operarios municipais de xeito indiscutible.*

*Á vista da documentación incluída no expediente e da visita realizada ó lugar, e á falta de maior documentación contraditoria, quen asina non pode establecer de xeito inequívoco unha relación causa-efecto entre a maquinaria empregada na execución das obras municipais e os feitos denunciados.*

*Infórmase ós efectos oportunos.”*

**3.** En canto á solicitude de que se indemñe na contía de 206,01 euros, actualizados co índice de prezos ao consumo fixados polo Instituto Nacional de Estadística, máis os intereses legais que procederen, sinalar que de acordo co disposto nos artigos 67 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pùblicas, en materia de responsabilidade patrimonial é necesaria a existencia de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión, e o artigo 34.3 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público sinala que “a contía da indemnización calcularase con referencia ao día en que a lesión efectivamente se produciu ,

sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade patrimonial, con arreglo ao índice de garantía da competitividade, fixada polo INE, e dos intereses que procedan pola demora no pago da indemnización fixada, os cales se esixirán con arreglo ó establecido na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, ás normas presupostarias da CCAA.

Os intereses legais polo tanto non son esixibles desde a data da reclamación administrativa. Por outro lado, os xuros, no seu caso, devengaranse no suposto de que se acorde indemnizar e o concello non proceda co aboamento da indemnización.

**4.** Tal como se comproba do informe técnico de 14 de decembro do 2017 e das fotografías incluídas no mesmo, o muro o que se fai alusión comprende “un amontoamento de cachotes polo que as tres ou catro pedras que estaban no chan puideron desprenderse sen ningún tipo de contacto coa pala, posto que no caso contrario as pedras, tendo en conta que non estaban suxeitas por ningún tipo de rexuntado, terían que desprenderse moitas máis.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Rexeitar a reclamación presentada por dona María del Carmen xxxx, por non existir relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e os danos ocasionados no muro

**2.** Dar traslado deste acordo á interesada aos efectos oportunos.

### **3. Inscrición de asociación no rexistro municipal do concello**

Don José Manuel xxxx, co DNI número xxxx, en calidade de presidente da asociación cultural da Filloa, presenta escrito no concello de Boqueixón o 15 de decembro do 2017 co número de entrada 2683/2017, solicitando a inscrición da referida asociación no rexistro municipal de asociacións do concello.

Considerando que se cumplen os requisitos preceptuados no artigo 236 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, e demás de xeral aplicación, a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Incluír esta asociación no Rexistrio Municipal de Asociacións Veciñais co número de inscrición 062, a asociación “Cultural da Filloa”

**2.** Dar conta deste acordo ó presidente da asociación.

### **4. Aboamento recibo importe sobre bens inmobilares parcela de referencia catastral 15012A509000210001EK**

O pleno da corporación que tivo lugar o 11 de outubro do ano 2000 acordou comprar a dona Carmen xxxx a parcela número 21-2, do plano de concentración parcelaria de San

Vicente de Boqueixón, denominada “Agra de Vilar” destinada á estación potabilizadora e pozo de bombeo para abastecemento de auga ó concello.

Con data 6 de setembro foi presentado na Axencia Estatal da Administración Tributaria o modelo 903 da declaración de alteración do titular catastral.

Sen embargo,a Deputación Provincial emite o recibo do IBI a nome de dona Carmen xxxx, tal como consta no recibo emitido en período voluntario o 19 de setembro do 2017.

Tendo en conta que a parcela foi adquirida polo concello, correspónelle a este o aboamento do citado recibo.

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar e asumir o recibo do IBI por importe de 286,69 euros, correspondente ao período 19 de setembro do 2017 ao 31 de decembro do 2017.
2. Comunicar este acordo a Tesourería para que proceda co seu aboamento.
3. Comunicar á Dirección Xeral do Catastro que proceda coa modificación da titularidade tal como se solicitou no ano 2005.

## **5. Aprobación dietas tribunal contratación de dous peóns de obras. Programa APROL**

En base á subvención concedida pola Xunta de Galicia por importe de 22.500 euros, o concello tivo que contratar dous traballadores como peóns de obras públicas.

Por Resolución da alcaldía de data 7 decembro de 2017, designáronse os membros do Tribunal culificador da proba para a contratación dos dous peóns.

O número total de solicitudes presentadas ascende a catro presentándose os catro a proba.

Así mesmo, resolveuse convocar ao Tribunal para a única proba consistente na valoración de méritos, o día 12 de decembro ás 11:00 horas.

No Real Decreto 462/2002 de 24 de maio regúlanse as indemnizacións por razón do servizo. Concretamente no Anexo IV especifícanse os importes que neste caso serán os correspondentes á categoría terceira (acceso a corpos ou escalas do grupo E ou categoría de persoal laboral asimilable:

Presidente e secretaria: 39,78 euros  
Vogais : 36,72 euros

Á vista do cal a xunta de goberno acorda:

Primeiro.- Aprobar as seguintes indemnizacións a aboar aos membros do tribunal:  
Presidente: Juan Manuel Corral Sánchez..... 39,78 euros.  
Secretaria: Elena Suárez Rodríguez..... 39,78 euros.

Vogais:	Anselmo Caeiro Vilar.....	36,72 euros.
	Rosario Iglesias Iglesias.....	36,72 euros.
	M <sup>a</sup> Victoria Negrín Blanco.....	36,72 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo a Tesourería para o seu aboamento.

## **6. Concesión dunha axuda económica á asociación de veciños Areosa**

Con rexistro de día 14 de decembro, don Fernando xxxxx, como presidente da Asociación de Veciños “Areosa”, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos das diferentes actividades incluídas na programación de 2017, nos eidos da cultura, promoción económica e interese veciñal.

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Así mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Esta asociación conta cunha ampla traxectoria promovendo actividades de interese social e veciñal, polo que a Xunta de Goberno acorda:

- 1 Conceder á Asociación de Veciños “Areosa”, inscrita co nº 012 no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, unha axuda económica de **400 euros** para cubrir os gastos descritos na súa solicitude.
- 2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables e do seu pagamento, seralle feito o ingreso correspondente.
- 3 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 924.480 do orzamento do ano 2017.

## **7. Aprobación de prezos actividades Especial Nadal**

Vista a “Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais” aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

2º) Aprobar os prezos públicos para as seguintes actividades, incluídas no díptico Especial Nadal:

- Nadal Activo: 25 €
- Silleda Park: 6 € (inclúe entrada e autobús con acompañante)

## **8. Aprobación entrega do vale de 120 euros como premio da VI ruta das tapas de Boqueixón**

Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 5 de outubro de 2017, aprobáronse as bases de organización e realización da “VI Ruta de Tapas de Boqueixón” durante os días 24, 25 e 26 de novembro e 1, 2 e 3 de decembro de 2017.

Co obxectivo de aumentar a afluencia de clientes á ruta, no punto 2 j) das citadas bases, especificase un premio cuxo custe asume o concello de Boqueixón de 120€ canxeables por un xantar ou cea nalgún dos establecementos hostaleiros de Boqueixón participantes na ruta.

Con data do mércores 13 de decembro de 2017, coa presenza dos hostaleiros e representantes desta entidade, celebrouse o sorteo entre os clientes participantes, resultando gañador deste vale de 120€: G. D. A. de Lestedo.

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Entregar o vale de 120 € ó cliente gañador: G. D. A.
- 2.- Conceder un período de canxeo do vale dende decembro de 2017 ata o 28 de febreiro de 2018.
- 3.- Comunicar este acordo ó Departamento de Tesourería deste concello para os efectos oportunos.

## **9. Xustificación final da subvención correspondentes ó programa de integración laboral mediante a execución das obras e servizos mínimos municipais dirixido a concellos de provincia, ano 2017**

Por resolución de Presidencia publicada no BOP 63, do 03/04/2017 aprobouse a concesión da subvención que se indica de seguido, ó abeiro das Bases reguladoras da Convocatoria do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2017 (BOP 243 do 26/12/2016):

Beneficiario: (P1501200H) CONCELLO DE BOQUEIXON

Cod. Exp.: 2017000002117

REFERENCIA: PEL-CONCELLOS/2017

Convocatoria: (DP0027)

Obxecto: PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE BOQUEIXÓN

Coeficiente de financiamento: 1,0000

Importe que se ha xustificar: 26.764,48 €

Importe do anticipo concedido e aboados a esta entidade con data do 01/09/2017: 13.382,24€

Os seguintes traballadores, por un período de 5 meses dende o 6 de xullo ata o 5 de decembro de 2017, cunha xornada do 80%, coa categoría de operario de servizos múltiples, grupo de cotización de peón:

AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	xxxxx
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS	xxxxx
FERNÁNDEZ BUJÁN JOSÉ MANUEL	xxxxx
VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	xxxxx

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 30 de abril de 2018, ás 14.00 horas.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar e imputar os salarios brutos e as seguridade social da empresa dos traballadores contratados, como operarios de servizos múltiples:

AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	xxxxx
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS	xxxxx
FERNÁNDEZ BUJÁN JOSÉ MANUEL	xxxxx
VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	xxxxx

2º.- Aprobar a relación clasificada dos pagos realizados ós traballadores contratados, en concepto de salarios e seguridade social no Programa de Integración Laboral:

Mes	Nome e apelidos do traballador	DNI	Categoría profesional	Total devengado	SS a cargo da empresa	Custo mensual	Data pago nómina	Data pago SS
Xullo	AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	806,37€	279,81€	1.086,18€	25/07/2017	31/08/2017
Xullo	AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	806,37€	279,81€	1.086,18€	25/07/2017	31/08/2017
Xullo	FERNÁNDEZ BUJÁN JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	806,37€	279,81€	1.086,18€	25/07/2017	31/08/2017
Xullo	VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	806,3 €	279,81€	1.086,18€	25/07/2017	31/08/2017
Agosto	AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	25/08/2017	29/09/2017
Agosto	AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	25/08/2017	29/09/2017

Agosto	FERNÁNDEZ BUJÁN JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	25/08/2017	29/09/2017
Agosto	VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	25/08/2017	29/09/2017
Setembro	AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	25/09/2017	31/10/2017
Setembro	AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	25/09/2017	31/10/2017
Setembro	FERNÁNDEZ BUJÁN JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	25/09/2017	31/10/2017
Setembro	VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	25/09/2017	31/10/2017
Outubro	AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	27/10/2017	30/11/2017
Outubro	AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	27/10/2017	30/11/2017
Outubro	FERNÁNDEZ BUJÁN JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	27/10/2017	30/11/2017
Outubro	VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	27/10/2017	30/11/2017
Novembro	AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	27/11/2017	A mes devengado
Novembro	AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	27/11/2017	A mes devengado
Novembro	FERNÁNDEZ BUJÁN JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	27/11/2017	A mes devengado
Novembro	VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	956,88 €	332,03€	1.288,91€	27/11/2017	A mes devengado
Decembro	AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	312,36€	53,80	366,16€	09/12/2017	A mes devengado
Decembro	AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	312,36€	53,80	366,16€	09/12/2017	A mes devengado
Decembro	FERNÁNDEZ BUJÁN JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	312,36€	53,80	366,16€	09/12/2017	A mes devengado
Decembro	VÁZQUEZ GONZÁLEZ JOSÉ MANUEL	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	312,36€	53,80	366,16€	09/12/2017	A mes devengado
<b>Importe total xustificado</b>							<b>26.431,92€</b>	

3º.- Aprobar a relación clasificada doutros gastos en materia de formación de riscos laborais, identificando o acreedor, núm.factura, data de emisión de factura, data pagamento, importes en euros:

Descripción do gasto (*)	Acredor	NIF Acredor	N.º Factura	Data Emisión Factura	Data de pagamento	Importe Factura	Importe imputado da factura
Formación PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS OPERARIOS SERVIZOS MÚLTIPLES	MAYPE SALUD SL	B70230016	000096	17/07/17	24/07/17	240 euros	240 euros

4º.- Que para este mesmo obxecto, non se obtiveron outras subvencións ou ingresos de ningún tipo.

5º.- Declarar que esta entidade local cumplíu con todos os compromisos ós que se refiere a base 7ª do programa de Integración Laboral da convocatoria, relativa á actividade subvencionada.

6º.- Que a contratación foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concurrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

7º.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da axuda económica con indicación dos investimentos realizados e dos resultados obtidos.

8º.- Declarar que esta entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo de presentación de xustificación.

9º.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña,

## **10. Dar conta do decreto de xustificación final de brigadas, da Consellería do Medio Rural**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 7 de decembro do 2017 quedou este punto sobre a mesa por falta documentación relacionada coa xustificación da subvención.

Posteriormente, completada a documentación , con data 13 de decembro do 2017 foi xustificada a subvención da Consellería do Medio Rural por decreto da alcaldía, da cal se da conta:

Antecedentes:

Esta entidade e a Consellería do Medio Rural, asinaron un convenio de colaboración para participar na prevención de incendios forestais mediante mediante a actuación dun vehículo motobomba, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

No convenio asinado establece que para o desenvolvemento de labouras de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10,03 hectáreas/brigada de traballos de

prevención mediante o control do combustible de forma manual para un período de 3 meses:

- a. Total axuda anual máxima vixilancia/defensa: 31.869,24 €
- b. Anticipo anual (90%) vixilancia /defensa: 28.682,32 €
- c. Restante (10%) vixilancia /defensa: 3.186,92 €
- d. Axuda anual máxima prevención: 11.250€/brigada
- e. Total acuda anual máxima prevención: 22.500 €
- f. Total axuda anual en materia de labouras brigada (a+e): 54.369,24 €

No mes de outubro ante a situación de meteoroloxía e de seca a Xunta decide ampliar período de contratación do persoal de motobomba e de brigadas para así reforzar o dispositivo de defensa e extinción de incendios forestais e polo tanto ampliar a contratación ata o 30 de novembro de 2017, mediante a addenda ó convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Boqueixón. Os gastos subvencionables neste período de ampliación para a actuación de vixilancia e defensa aboarase por día ata un máximo de 247,08 euros (brigadas de 4 compoñentes), resultando un total de 8.400,72€.

A contía inicial aprobada polo convenio e pola Addenda da subvención da Xunta de Galicia é de 62.769,96 € (54.369,24 € + 8.400,72 €). Pero dado que a contía de 54.369,24 € está destinada a gastos de 2 cuadrillas de 5 traballadores cada unha.E Boqueixón contratou 2 cuadrillas unha de 5 e outra de 4 traballadores. O coordinador de servizos e obras do concello de Boqueixón, estimou que a contía que a Xunta debe aboar a esta entidade é de 57.333,03 euros atendendo a redución aplicable do gasto polo número de compoñentes da cuadrilla formada por 4 traballadores.

Na citada Addenda establecése como prazo máximo para a xustificación das actuacións o 15 de decembro de 2017.

Dita actividade realizouse dende o 27 de xullo ata o 30 de novembro de 2017.

É preciso enviar a relación clasificada dos gastos de persoal co custo correspondente e a relación clasificada doutros gastos derivados do funcionamento as brigadas de vixilancia e defensa, o cumprimento do convenio e importe da execución do gasto,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

- a) Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida para participar na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba, na que consta:
  - 1.- Que se dou cumprimento á finalidade do convenio e que a aplicación dos fondos para a execución total do gasto foi destinado a tal fin. Sendo a execución total do gasto

realizado por esta entidade de 57.193,19 € (importe sen IVE), 58.418,18 (importe con IVE). Sendo a contía da subvención da Xunta de Galicia de 57.333,03 euros.

2.- Aprobar a relación clasificada dos gastos de persoal, identificando o traballador e a relación de salario bruto e custo da seguridade social:

**XUSTIFICACIÓN IMPORTE DO ANTICIPO (90%)**

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: DEVESA FERNÁNDEZ ALBA MARÍA

D.N.I.: xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 30/11/2017

Mes <sup>3</sup>	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	Custe total C=(A+B)	Vixilancia e defensa contra incendios forestais		Prevención contra incendios for. (F)	Importes xustificados (D+E)+F=C
				Anticipo (90%) (D)	Restante (10%) (E)		
<b>Xullo</b>	194,34 €	73,46 €	267,80€	181,21€	20,13 €	66,46€	267,80 €
<b>Agosto</b>	1.199,15 €	453,28 €	1.652,43€	877,44 €	97,49 €	677,50 €	1.652,43€
<b>Setembro</b>	1.199,15 €	453,28 €	1.652,43€	877,44 €	97,49 €	677,50 €	1.652,43€
<b>Outubro</b>	1.199,15 €	453,28 €	1.652,43€	877,44 €	97,49 €	677,50 €	1.652,43€
<b>Novembro</b>	1.361,97 €	453,28 €	1.815,25€	963,90 €	107,10	744,25€	1.815,25€
<b>TOTAL</b>	5.153,76 €	1.886,58	7.040,34	3.777,43 €	419,70€	2.843,21€	7.040,34

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: CAJIDE NEIRA ALBERTO

D.N.I.: xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 30/11/2017

Mes <sup>3</sup>	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	Custe total C=(A+B)	Vixilancia e defensa contra incendios forestais		Prevención contra incendios for. (F)	Importes xustificados (D+E)+F=C
				Anticipo (90%) (D)	Restante (10%) (E)		
<b>Xullo</b>	175,25€	66,25€	241,50 €	128,24€	14,25€	99,01€	241,50 €
<b>Agosto</b>	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
<b>Setembro</b>	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €

<b>Outubro</b>	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
<b>Novembro</b>	1.228,13 €	408,74 €	1.636,87 €	869,18€	96,57€	671,12€	1.636,87 €
<b>TOTAL</b>	4.647,31€	1.701,21€	6.348,52€	3.371,08€	374,55€	2.602,89€	6.348,52€

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: CAJIDE GÓMEZ JOSÉ

D.N.I.:xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 30/11/2017

<b>Mes<sup>3</sup></b>	<b>Total devengado<sup>A</sup></b>	<b>SS a cargo do Concello<sup>B</sup></b>	<b>Custe total C=(A+B)</b>	<b>Vixilancia e defensa contra incendios forestais</b>		<b>Prevención contra incendios for. (F)</b>	<b>Importes xustificados (D+E)+F=C</b>
				<b>Anticipo (90%) (D)</b>	<b>Restante (10%) (E)</b>		
<b>Xullo</b>	184,79 €	69,85 €	254,64 €	135,22€	15,02€	104,40 €	254,64 €
<b>Agosto</b>	1.140,23 €	431 €	1.571,23€	834,33€	92,70€	644,20 €	1.571,23€
<b>Setembro</b>	1.140,23 €	431 €	1.571,23€	834,33€	92,70€	644,20 €	1.571,23€
<b>Outubro</b>	1.140,23 €	431 €	1.571,23€	834,33€	92,70€	644,20 €	1.571,23€
<b>Novembro</b>	1.295,05 €	431 €	1.726,05	916,53€	101,84€	707,68 €	1.726,05
<b>TOTAL</b>	4.900,53 €	1.793,85 €	6.694,38€	3.554,74€	394,96€	2.744,68 €	6.694,38€

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: LOPEZ AGRELO DIEGO

D.N.I.:xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 30/11/2017

<b>Mes<sup>3</sup></b>	<b>Total devengado<sup>A</sup></b>	<b>SS a cargo do Concello<sup>B</sup></b>	<b>Custe total C=(A+B)</b>	<b>Vixilancia e defensa contra incendios forestais</b>		<b>Prevención contra incendios for. (F)</b>	<b>Importes xustificados (D+E)+F=C</b>
				<b>Anticipo (90%) (D)</b>	<b>Restante (10%) (E)</b>		
<b>Xullo</b>	175,25€	66,25€	241,50 €	128,24€	14,25€	99,01€	241,50 €
<b>Agosto</b>	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
<b>Setembro</b>	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
<b>Outubro</b>	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
<b>Novembro</b>	1.228,13 €	408,74 €	1.636,87 €	869,18€	96,57€	671,12€	1.636,87 €
<b>TOTAL</b>	4.647,31€	1.701,21€	6.348,52€	3.371,08€	374,55€	2.602,89€	6.348,52€

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: BARCIA DOPAZO GUSTAVO VALENTÍN  
D.N.I.: xxxxx  
DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017  
DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 26/10/2017

Mes <sup>3</sup>	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	Custe total C=(A+B)	Vixilancia e defensa contra incendios forestais		Prevención contra incendios for. (F)	Importes xustificados (D+E)+F=C
				Anticipo (90%) (D)	Restante (10%) (E)		
Xullo	194,34 €	73,46 €	267,80€	142,20€	15,80€	109,80€	267,80€
Agosto	1.199,15 €	453,28 €	1.652,43€	877,44€	97,49€	677,50€	1.652,43€
Setembro	1.199,15 €	453,28 €	1.652,43€	877,44€	97,49€	677,50€	1.652,43€
Outubro	1.128,79 €	381,97 €	1.510,76 €	802,22€	89,13€	619,41€	1.510,76 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.721,43€</b>	<b>1.361,99</b>	<b>5.083,42€</b>	<b>2.699,30€</b>	<b>299,91€</b>	<b>2.084,21€</b>	<b>5.083,42€</b>

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: SANTOS BLANCO JOSÉ MANUEL  
D.N.I.: xxxxx  
DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017  
DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 26/10/2017

Mes <sup>3</sup>	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	Custe total C=(A+B)	Vixilancia e defensa contra incendios forestais		Prevención contra incendios for. (F)	Importes xustificados (D+E)+F=C
				Anticipo (90%) (D)	Restante (10%) (E)		
Xullo	175,25€	66,25€	241,50 €	128,24€	14,25€	99,01€	241,50 €
Agosto	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
Setembro	1.140,71 €	408,74 €	1.549,45	822,76€	91,42€	635,27€	1.549,45
Outubro	1.017,87 €	344,44€	1.362,31€	723,38 €	80,38€	558,55€	1.362,31€
<b>TOTAL</b>	<b>3.415,14€</b>	<b>1.228,17€</b>	<b>4.643,31€</b>	<b>2.465,60 €</b>	<b>273,96€</b>	<b>1.903,75€</b>	<b>4.643,31€</b>

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: RENDO FERNÁNDEZ VICTOR  
D.N.I.: xxxxx  
DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017  
DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 26/10/2017

Mes <sup>3</sup>	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	Custe total C=(A+B)	Vixilancia e defensa contra incendios forestais		Prevención contra incendios for. (F)	Importes xustificados (D+E)+F=C
				Anticipo (90%) (D)	Restante (10%) (E)		
Xullo	184,79 €	69,85 €	254,64 €	135,22€	15,02€	104,40 €	254,64 €
Agosto	1.140,23 €	431 €	1.571,23€	834,33€	92,70€	644,20 €	1.571,23€
Setembro	1.140,23 €	431 €	1.571,23€	834,33€	92,70€	644,20 €	1.571,23€
Outubro	1.073,33 €	363,21€	1.436,54 €	762,80€	84,70	588,94€	1.436,54 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.538,58€</b>	<b>1295,06€</b>	<b>4.833,64€</b>	<b>2.566,68€</b>	<b>285,12€</b>	<b>1981,74€</b>	<b>4.833,64€</b>

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: MARTÍNEZ PÉREZ ISIDORO

D.N.I.:xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 26/10/2017

Mes <sup>3</sup>	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	Custe total C=(A+B)	Vixilancia e defensa contra incendios forestais		Prevención contra incendios for. (F)	Importes xustificados (D+E)+F=C
				Anticipo (90%) (D)	Restante (10%) (E)		
Xullo	175,25€	66,25€	241,50 €	128,24€	14,25€	99,01€	241,50 €
Agosto	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
Setembro	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
Outubro	1.017,87 €	344,44€	1362,31€	723,38 €	80,38€	558,55€	1.362,31€
<b>TOTAL</b>	<b>3.355,74€</b>	<b>1.228,17€</b>	<b>4.583,91€</b>	<b>2434,06€</b>	<b>270,45€</b>	<b>1879.40</b>	<b>4.583,91€</b>

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A: LODEIRO GUZMAN JAVIER

D.N.I.:xxxxx

DATA DE INICIO DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIO: 27/07/2017

DATA DE FIN DA SÚA ACTIVIDADE NO CONVENIDO: 26/10/2017

Mes <sup>3</sup>	Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	Custe total C=(A+B)	Vixilancia e defensa contra incendios forestais		Prevención contra incendios for. (F)	Importes xustificados (D+E)+F=C
				Anticipo (90%) (D)	Restante (10%) (E)		
Xullo	175,25€	66,25€	241,50 €	128,24€	14,25€	99,01€	241,50 €

<b>Agosto</b>	1.029,27 €	396,69 €	1.425,96 €	757,19	84,13€	584,64€	1.424,96€
<b>Setembro</b>	1.081,31 €	408,74 €	1.490,05 €	791,22€	87,91€	610,92€	1.490,05 €
<b>Outubro</b>	1.017,87 €	344,44€	1.362,31€	723,38 €	80,38€	558,55€	1.362,31€
<b>TOTAL</b>	3.303,70	1.216,12	4.519,82€	2400,03	266,67	1.853,12	4.519,82€

### RESUMO DE IMPORTES XUSTIFICADOS

ACTUACIÓN		Total devengado <sup>A</sup>	SS a cargo do Concello <sup>B</sup>	Importe total xustificado C=(A+B)
Vixilancia e defensa contra incendios forestais	ANTICIPO (90%)	19.478,94 €	7.121,96 €	26.600,90€
	RESTANTE (10%)	2.164,33 €	791,33 €	2.955,66€
Prevención contra incendios for.	IMPORTE TOTAL	15.040,23€	5.499,07 €	20.539,30 €
	SUMA TOTAIS	36.683,50 €	13.412,36 €	50.095,86 €

3.- Aprobar a relación clasificada doutros gastos en materia de prevención de incendios forestais, identificando o acreedor, númer. factura, data de emisión de factura, data pagamento, importes en euros con IVE e sen IVE:

### XUSTIFICACIÓN IMPORTE DO ANTICIPO (90%)

Descripción do gasto (*)	Acreedor	NIF Acreedor	N.º Factura	Data Emisión Factura	Data de pagamento	Importe Factura (SEN IVE)	Importe Total Factura (**) (CON IVE)	Importe imputado da factura a BRIGADAS %	Anticipio 90% Sen IVE	Anticipio 90% Con IVE
GASOLEO A Gasto de combustible das BRIGADAS	Gasoleos San Benito, SL	B15888191	631	31/09/17	15/08/17	2.479,34€	3.000 EUROS	50% 1.500 euros con IVE 1.239,67 € sen IVE	1.115,70€	1.350 €
FORMACIÓ	YOLANDA DÍAZ ROMERO	XXXXX	016/	01/08/1	20/09/1	544€	544€	100%	489,60	489,60

N			2017	7	7			euros	euros	
EQUIPAMEN TO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	PEYCAR PONTEVED RA SL	B36112043	D01 7614	04/08/1 7	20/09/1 7	3788€	4583,4 8€	100%	3.409,20 €	4.125,13 €
Recoñecim ento médico brigadas	MAYPE	B70230016	0000 98	07/07/1 7	20/09/1 7	1.120 €	1.120€	64,29% 720,05€	648,05€	648,05€
KIT FORESTAL	GALLEGA SUM.INDU STRIALES SL	B36352235	FAC1 7070 04	31/07/1 7	20/09/1 7	197,2 0€	238,61 €	238,61€	177,48€	214,75€
KIT FORESTAL	GALLEGA SUM.INDU STRIALES SL	B36352235	FAC1 7074 74	14/08/1 7	20/09/1 7	157,7 6€	190,89 €	100% 190.89 €	141,98€	171,80€
Combustible /mantemento	Gasoleos San Benito, SL	B15888191	17 1135	30/09/1 7	15/11/1 7	450,6 5€	545,29 €	100% 545,29€	405,59€	490,76€
<b>TOTAL</b>								<b>6.387,60 €</b>	<b>7.490,09 €</b>	

**XUSTIFICACIÓN IMPORTE RESTANTE (10%)**

Descripción do gasto (*)	Acredor	NIF Acredor	N.º Factu ra	Data Emisión Factura	Data de pagame nto	Importe Factura (SEN IVE)	Importe Total Factura (**) (CON IVE)	Importe imputad o da factura a BRIGA DAS %	Anticip io 10% Sen IVE	Anticipio 10% Con IVE
GASOLEO A Gasto de combustible daS BRIGADAS	Gasoleos San Benito, SL	B158881 91	631	31/09/17	15/08/1 7	2.479,3 4€	3.000 EUROS	50%  1.500 euros con IVE  1.239,6 7 € sen IVE	123,97 €	150 €
FORMACIÓ N	YOLANDA DÍAZ ROMERO	xxxxx	016/ 2017	01/08/17	20/09/1 7	544€	544€	100%	54,40 euros	54,40 euros

EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	PEYCAR PONTEVEDRA SL	B36112043	D01 7614	04/08/17	20/09/17	3.788€	4583,48€	100%	378.80	458,35
Recoñecemento médico brigadas	MAYPE	B70230016	000098	07/07/17	20/09/17	1.120€	1.120€	64,29 % 720,05 €	72	72
KIT FORESTAL	GALLEGA SUM.INDUSTRIALES SL	B36352235	FAC 1707004	31/07/17	20/09/17	197,20 €	238,61€	100% 238,61 €	19,72€	23,86 €
KIT FORESTAL	GALLEGA SUM.INDUSTRIALES SL	B36352235	FAC 1707474	14/08/17	20/09/17	157,76 €	190,89€	100% 190,89 €	15,78 €	19,09€
Combustible /mantemento	Gasoleos San Benito, SL	B15888191	17 1135	30/09/17	15/11/17	450,65 €	545,29€	100% 545,29 €	45,06	54,53€
<b>TOTAL</b>									<b>709,73 €</b>	<b>832,23€</b>

#### **XUSTIFICACIÓN IMPORTE TOTAL (100%)**

	<b>Importe TOTAL (SEN IVE)</b>	<b>Importe TOTAL (CON IVE)</b>
Anticipo	<b>6.387,60 €</b>	<b>7.490,09 €</b>
Restante	<b>709,73€</b>	<b>832,23 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>7.097,33 €</b>	<b>8.322,32 €</b>

- b) Que o concello de Boqueixón non ten solicitado nin concedida outra axuda para os mesmos fins que os que subvencionan con cargo ao Convenio de Colaboración asinado, pola Consellería do Medio Rural, para participar na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.
- c) A entidade local se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. A entidade local non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

d) Dar traslado desta resolución á Consellería do Medio Rural.

## 11. Licenzas urbanísticas

### Antecedentes:

Con data do 20 de outubro de 2016, en Xunta de Goberno Local deste concello (en base ao expediente de legalización nº: 201699900000007, de data do 2 de outubro de 2015, con rexistro xeral de entrada nº: 15/1904), concedeuse a licenza municipal, para adaptar as obras executadas nunha vivenda unifamiliar existente, á Ordenanza de Núcleo Rural Común, en base ao plan xeral de ordenación municipal actualmente vixente, para unha edificación (vivenda unifamiliar), sita na parcela catastral nº: 15012B516006480000LF.

Con data do 18 de maio de 2017, con rexistro de entrada nº: 201799900000019; por Don José Luísxxxxx, con DNI nº: xxxxx, en nome e representación de D. Alfonsoxxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase a solicitude de licenza de 1ª ocupación, acompañada da seguinte documentación:

- Certificado final de obra
- Fotografías do estado actual da edificación
- Proposta de liquidación da taxa municipal, por importe de 92,43 €

Con data do 23 de maio de 2017, con rexistro de entrada nº: 201799900000020; por Don José Luísxxxxx, con DNI nº: xxxxx, en nome e representación de D. Alfonsoxxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase a seguinte documentación adicional á solicitude da licenza de 1ª ocupación:

- Xustificante de liquidación da taxa municipal, por importe de 92,43 € (19/05/2017)
- Recibo de electricidade da vivenda de Unión Fenosa
- Recibo de auga de Espina & Delfín da vivenda

Con data do 28 de xuño de 2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, logo da visita de comprobación ás obras finalizadas, emítese o correspondente informe técnico, no que se indica a seguinte CONCLUSIÓN:

*- En consecuencia, realizada visita de comprobación á obra executada, e vista a totalidade da documentación presentada, considérase que para continuar coa tramitación do expediente, deberase achegar a documentación indicada no punto 3 do informe, así como realizar as actuacións indicadas no punto 2.*

Documentación indicada no punto 3 do informe:

- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmoble.

Actuacións indicadas no punto 2 do informe:

- Deberase colocar a varanda dun dos ocos do primeiro andar do alzado norte, tal e como se indicaba no expediente de legalización.

Con data do 13 de novembro de 2017, con rexistro de entrada nº: 201799900000056; por Don José Luísxxxxx, con DNI nº: xxxxx, en nome e representación de D. Alfonsoxxxxx,

con DNI nº: xxxx, preséntase a seguinte documentación adicional á solicitude da licenza de 1ª ocupación:

- Recibo de auga de Espina & Delfín da vivenda
- Reportaxe fotográfico da varanda instalada
- Informe de Unión Fenosa, sobre a correcta execución da obra con número de suministro: 435758402, a nome de D. Alfonso xxxx

